A Historia da Literatura Galega



O Prerrexurdimento

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Nieves García Centeno, Victoria G. Lastra, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Rebeca Zapata

Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Real Academia Galega, Arquivo do Reino de Galicia, Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, Museo de Pontevedra, Emilio J. Rodríguez Posada, Diocese de Mondoñedo-Ferrol e Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1598-2010
ISBN: 978-84-96561-31-1

A Historia da Literatura Galega 08

O Prerrexurdimento

La Voz de Galicia

ÍNDICE



Fachada do
Seminario de
Santa Catalina en
Mondoñedo



ESCOLA MINDONIENSE DE CANTORES DE NADAL 1

1.1. O SEMINARIO DE SANTA CATALINA DE MONDOÑEDO

A importancia que Mondoñedo fora adquirindo fixéraa merecedora de ser sede da diocese, e capital dunha das sete provincias do Antigo Reino de Galicia ata 1833.

No século XVIII, o mindoniense Seminario de Santa Catalina, fundado en 1583, logra o seu máximo esplendor, cun novo edificio e un incremento de seminaristas, que chegan a alcanzar a cifra de dous-



Biblioteca do Seminario de Santa Catalina

centos. Durante moito tempo foi o único centro de ensino superior de todo o norte da provincia de Lugo. Seminario e catedral de Mondoñedo constitúen un importante foco cultural.

Impulsados polos profesores do seminario e imbuídos polo espírito da Ilustración galega, moitos discípulos, mindonienses ou non, iniciáronse na arte da composición en verso, e chegaron a ser destacados poetas, con obra en galego. Así, na historiografía da literatura galega fálase da «Escola Poética do Seminario de Mondoñedo». Ademais, outros alumnos do seminario, co tempo, chegaron a escribir documentados libros de investigación.

Mondoñedo: conxunto histórico-artístico

➔ Mondoñedo é unha cidade monumental que alberga un importante legado histórico e cultural. Declarada conxunto histórico-artístico en 1985, a súa cultura é das máis ricas de Galicia e son moitos os testemuños que reflicten a súa importancia ao longo dos séculos.

Da Idade de Bronce consérvanse pegadas como dolmens, petróglifos e ata un curioso monumento chamado Pena do Unto, unha especie de altar situado no Couto da



A catedral de Mondoñedo foi declarada monumento nacional no ano 1902

Recadieira. Ademais, posúe unha importante cultura castrexa con exemplos de castros mindonienses como Viloalle, Santa María Maior ou Croa e Castro de Outeiro, entre outros moitos.

A orixe da cidade encontrámola nun enclave elevado que segundo reflicten os historiadores, podería estar no barrio dos



Unha das rúas da cidade mindoniense

Castros, dende o que se foi expandindo a poboación ata as terras máis baixas. Así xurdiu Vilamaor do Val de Breo que, pola súa condición de sé episcopal, pasaría á historia co nome de Mondoñedo. Tamén impulsa o seu esplendor Afonso VII, que no ano 1156 lle outorga ao municipio a categoría de cidade. No 1182, Fernando II decide trasladar a diocese pero esta volve a Mondoñedo en torno a 1230. O asentamento dos bispos na cidade propicia o comezo das obras da catedral.

Varios séculos despois, no XVI, a cidade experimenta un gran desenvolvemento que coincide coa formalización das Xuntas do Reino e a constitución de Mondoñedo como capital de provincia.

Xa no XVIII a creación do seminario, o primeiro de Galicia, e a construción dos conventos da Alcántara e a Concepción, impulsan á cidade desde moi diversos aspectos. En 1825 Mondoñedo suma aos seus títulos de «moi nobre» e «leal», o de «fiel cidade» a cambio da titularidade provincial. *

1.1.1 A Escola Poética do Seminario de Mondoñedo

O seminario supuxo un centro cultural de gran relevancia na época

As características comúns que presentan os poetas que pasaron polo seminario, seguindo o profuso estudo de Félix Villares Mouteira, son:



- A fonda formación humanista que translocen.

- As influencias dos clásicos latinos.

- A gran riqueza léxica en galego, tal vez polo seu estreito contacto co pobo.

- A súa liña poética popular e costumista.

- O canto que todos fan ás cousas pequenas e humildes.

- O predominio do descritivo sobre o lírico.

Os primeiros poetas en galego desta escola compoñen panxoliñas e coñéceselles como os Cantores Mindonienses de Nadal. Ademais, posteriormente do seminario saíron algúns dos mellores poetas galegos do século XIX e XX, como Nicomedes Pastor Díaz, Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Crecente Vega, Iglesia Alvariño ou Díaz Castro.

Do Seminario de Mondoñedo saíron algúns dos mellores poetas dos séculos XIX e XX.

Antonio Noriega Varela


➜ Antonio Noriega Varela naceu en Mondoñedo no ano 1869. Xornalista e poeta español en lingua galega, está encadrado na literatura como un dos representantes poéticos das Irmandades da Fala. Este escritor mindoniense foi un dos autores que ao longo da historia da literatura galega contemporánea enriqueceron as nosas letras.

Retrato de Antonio Noriega Varela



A orixe de Noriega encontrámolo tamén na Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. Alí adquiriu formación artística e comezou a redactar poemas en español que enviaba á prensa local. Empezou

a escribir moi novo e xa no ano 1895 obtivo un premio nun certame literario local pola súa composición *De Ruada*.



Noriega é un dos representantes poéticos das Irmandades da Fala

Ademais do seu labor xornalístico pro-agrarista na revista anticaciquil *Guau, guau*, Noriega Varela comezou a súa auténtica traxectoria poética en 1904 coa publicación do seu único poemario titulado *Montañesas*. Ao longo da súa vida foi ampliando a obra que rematou por titular *Do Ermo*. Este cambio reflicte a nova orientación estética adoptada polo poeta a partir desa data, cando entra en contacto cos membros das Irmandades da Fala.

A partir de 1910 inicia unha poesía, denominada franciscanista, neovirxilianista ou humanista paisaxista, que terá



Fachada da Real Academia Galega na coruñesa rúa Tabernas

posteriores seguidores como Díaz Castro, Crecente Vega, Aquilino Igrexa Alvariño e Uxío Novoneyra. Trátase da época máis orixinal da súa obra. En 1927 é nomeado membro da Real Academia Galega.

O escritor mindoniense morre en Viveiro no ano 1947 e en 1969 (cando se cumpriron cen anos dende o seu nacemento) dedicóuselle o Día das Letras Galegas. *

1.2. Os Cantores Mindonienses de Nadal

No século XVIII e primeiros anos do XIX, cando a creación literaria en galego era practicamente inexistente, sábese que se cantaban panxoliñas na catedral de Santiago, polo menos desde 1790. Pouco tempo despois, desde 1794, cantábanse tamén na catedral de Mondoñedo, polo que na contorna do seminario mindoniense xorden uns autores aos que se lles chama Cantores de Nadal. Son os antecesores dos precursores no cultivo da fala galega na literatura.


As panxoliñas mesturaban a tradición relixiosa coa popular. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*



As panxoliñas compóñense e cántanse en galego, ben para conectar mellor coa xente do pobo, ben para continuar unha tradición (que en Mondoñedo persistirá ata os primeiros anos do século XX). Seguindo a práctica relixiosa, cada

Nadal cantábanse as panxoliñas no canto dos responsorios. En cada oficio eran nove, que non podían repetirse máis, polo que, ano tras ano era necesario contar con novas composicións. A miúdo eran cantados de forma dramática dialogada (con solistas e coros], representando personaxes sinxelos, paisanos galegos, que se achegaban ao portal. Todo estaba galeguizado.

Os Cantores Mindonienses de Nadal, todos formados no seminario, cultivan as panxoliñas en galego desde finais do século XVIII para ser cantadas na catedral de Mondoñedo.



A catedral mindoniense foi o escenario das primeiras interpretacións de panxoliñas

Como características comúns desta Escola de Cantores Mindonienses de Nadal, atopamos que son homes de gran relixiosidade e que cultivan as panxoliñas de Nadal, os cantos de Reis e outras composicións poéticas de temas sinxelos. Por suposto, forman parte do grupo máis amplo que chamamos Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. Os Cantores de Nadal, dos que se conservan panxoliñas en galego, son Antón María de Castro e Neira, Luis Curral Rodríguez e Jacinto Romualdo López. Coas súas obras contribuíron a abrir o camiño que logo seguirían escritores e músicos do Rexurdimento.

Antón María de Castro e Neira nace en Mondoñedo en 1771. No seminario desta cidade é alumno e, entre 1798 e 1810, é tamén profesor de Filosofía. Desde esta última data e ata a súa morte, é o cura de Argamoso, nome co que se lle coñece. Morre na súa parroquia aos 55 anos, en 1826.

Realizou composicións poéticas en latín, castelán e galego, coa finalidade de ser cantadas na catedral de Mondoñedo. É o máis prolífico de todos os poetas chamados Cantores de Nadal. Como argumenta Armando Requeixo, nas súas panxoliñas prodúcese unha ensamblaxe perfecta entre o elemento popular e a concepción teolóxica.



As composicións falan de personaxes sinxelos galegos na súa maioría pastores que se achegaban ao portal. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

Alegrádevos, pastores;
danzade, lindas zagalas,
que naceu o Rei do Ceo
hoxe en Belén nunhas pallas.
Traguede os vosos pandeiros,
traguede o tambor e a gaita;
vamos a ver o Meniño
que esta é noite de humorada
[...]

ANTÓN DE CASTRO E NEIRA, VILANCICO

Luís Curral Rodríguez vive sempre en Mondoñedo, desde que nace en 1785 ata a súa morte en 1830.

Estuda Filosofía e Teoloxía no seminario, pero abandona a idea de facerse clérigo e acaba licenciándose en Farmacia en 1810. Ao seguir a profesión paterna, herda tamén a botica.

Sábese que tivo unha produción extensa en verso, tanto en castelán como en latín e en galego. Pero só se conservan tres cantos de Reis e cinco poemas en castelán, e tres panxoliñas en galego.

As súas composicións teñen un estilo máis popular que os de Castro e Neira, e o argumento,


os personaxes e o marco do Nadal están máis galeguizados.

Meu Neniño, miña pérola
non botes, non, tantas bágoas;
si un galego hachas de menos
outro galego che canta.

Moito choras, miña rosa,
moito xemes e te matas;
dáme un instante siquiera,
que eu farei o son coa gaita

Luis Corral, Vilancico

De Luis Curral consérvanse tres panxoliñas en galego. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*



Jacinto Romualdo López nace en Ribadeo en 1808 e estuda, como os anteriores, no seminario mindoniense e, a continuación, Maxisterio. Exerce de mestre de primeiro ensino e dirixe a escola dos alumnos máis novos do propio seminario.

Desde 1843 ata a súa morte en 1895, é alcalde de Mondoñedo, e, polos seus coñecementos da zona e o seu acceso aos arquivos municipais, é colaborador do *Dicionario Xeográfico e Estatístico de Madoz.*

Escribiu libros de ensino e, sobre todo, cultivou a poesía. Reproducimos un fragmento dunha das dúas únicas panxoliñas en galego que se conservan da súa autoría.

Hoxe non é noite de durma,
que é noite de Navidá,
noite de oír ó Roxiño
e seu compinche trinar
unha festiva muiñeira
de estrumentos ó compás,
entre eles a frauta dulce
que o tío Xavier vai chifrar.

JACINTO ROMUALDO, VILANCICO

Adoración dos Magos no tímpano da catedral de Tui



Mondoñedo e a súa diocese

➔ Na primitiva cristianización de Galicia está a orixe da diocese de Mondoñedo. Pénsase que o cristianismo chega a esta zona a través dos bretóns, que penetran desde as costas de Ferrol.



CONSTITVCIONES
R.128.595
...ODALES DEL
...SPADO DE MONDOÑEDO
...PRINCIPIO LAS QVE S...ALEARON
Con las añadidas en quaderno a parte.
...docete seruare omnia quæ mandaui vobis. Math. 28.
En Madrid, Por Iuan Sanchez.
M. DC. XVIII.

Portada do documento da constitución do Bispado de Mondoñedo

Ademais, un mosteiro fundado no século VII, en Dumio, xunto a Braga, por San Martiño (nacido en Hungría) é o punto desde o que se evanxeliza o norte de Portugal e Galicia, como profusamente documentou Segundo Pérez López.

Anos máis tarde, os monxes de Dumio foxen dos sarracenos e establécense en San Martiño de Mondoñedo (preto de Foz). Xa no


século XII, a sede da diocese trasládase a Vilamaior, a actual Mondoñedo. Entre os seus bispos máis coñecidos debemos nomear a San Rosendo, a Frei Antonio de Guevara ou a Diego de Soto. Aínda que, segundo Pegerto Saavedra, entre 1493 e 1823 só cinco deles eran galegos. A partir de 1959 a capitalidade da diocese é compartida e pasa a chamarse de Mondoñedo-Ferrol.

Álvaro Cunqueiro cando foi nomeado membro da Real Academia Galega en Mondoñedo



A construción da catedral de Mondoñedo comeza no século XIII, pola cabeceira románica. Continúan as obras nos séculos seguintes, acorde cos novos estilos arquitectónicos. A fachada principal termínase no século XVIII. Na súa praza, a finais do XV, fora decapitado o Mariscal Pardo de Cela.

Na catedral de Mondoñedo respéctase a tradición de cantar panxoliñas en galego en Nadal, ata nos Séculos Escuros, e continúa ata o século XX. Moitas das panxoliñas e outros variados poemas foron compostos por poetas formados no Seminario mindoniense de Santa Catalina.



Mapa da Diocese de Mondoñedo, por José Cornide

E Mondoñedo seguiu producindo excelentes escritores, entre os que Álvaro Cunqueiro quizais sexa o máis universal. A súa cidade aparece en moitos dos seus escritos e sempre a levou no corazón:

«Nací en Mondoñedo, sí. Es una vieja ciudad con obispado, catedral, en el fondo de un valle muy pequeño pero muy hermoso, con una larga familia mía allí y en valles cercanos...» ✱



Aínda que Galicia era unha comunidade rural, no século XIX comezan a ter importancia os centros urbanos

Primeira metade do século XIX: O Prerrexurdimento 2

2.1. Ventos de liberdade e afán de progreso

A comezos do século XIX, Galicia seguía mantendo as mesmas estruturas políticas, económicas e sociais do Antigo Réxime. Con todo, deseguido soprarán os ventos de liberdade e afán de progreso traídos polas ideas liberais. Grandes cambios ideolóxicos avecíñanse. E Galicia incorporarase tamén aos novos tempos.



No 1812 as Cortes de Cádiz aproban a primeira Constitución española

2.1.1. O Liberalismo

A consecuencia das ideas da Ilustración, en toda Europa vaise configurando o Liberalismo como ideoloxía política e económica. En España, a primeira plasmación práctica dos principios liberais prodúcese durante a Guerra da Independencia contra os franceses, coa formación de xuntas. En Galicia tamén se abre un proceso novo e fórmase a Xunta Suprema do Reino.

As Cortes de Cádiz proclaman a primeira Constitución española, en 1812, en cuxa redacción destaca a achega de representantes galegos, por exemplo, o ferrolán liberal José Alonso López.

As convulsións políticas, coa alternancia de gobernos liberais e absolutistas primeiro, e de liberais moderados e liberais progresistas despois, marcan a primeira metade do século XIX. Os pronunciamentos e golpes de estado son as vías elixidas para os sucesivos cambios. As guerras carlistas, desencadeadas á morte de Fernando

VII, son un intento de conservadores tradicionalistas de aferrarse ao pasado. Fracasarán. Co triunfo dos isabelinos comeza a España liberal.

O liberalismo difúndese en Galicia entre as clases medias urbanas e intelectuais.

Coas reformas administrativas do liberalismo, o territorio reorganízase. En 1833, quedan abolidas as antigas divisións territoriais e créase o sistema provincial de España, deseñado por Javier de Burgos.



Monumento ás Cortes de Cádiz na cidade gaditana

CRONOLOXÍA

1808-1814
- Guerra da Independencia

1814-1833
- Reinado de Fernando VII (alternan absolutistas e liberais)

1814-1820
- Sexenio absolutista

1820-1823
- Trienio liberal

1823-1833
- Década ominosa ou absolutista

1833-1868
- Reinado de Isabel II (Predominio do liberalismo moderado)

1833-1840
- Rexencia de M.ª Cristina

1840-1843
- Rexencia de Espartero

1843-1854
- Década Moderada

1854-1856
- Bienio Progresista

1856-1868
- Década Moderada-unionista

Mapa do Reino de Galicia dividido en sete provincias

Galicia pasa de ter sete provincias, ás catro da actualidade. Á fronte de cada unha delas sitúase un xefe político, que pronto se denominará Gobernador Civil, como representante do poder central.

Desde 1833, coa nova organización liberal, Galicia pasa de sete provincias ás catro actuais.

O campesiñado segue sendo o grupo social máis numeroso, con gran diferenza sobre os outros. E o caciquismo domina a vida das comunidades. Pero lentamente avanza o proceso de urbanización. A poboación vaise agrupando nas capitais das catro provincias e nas vilas, onde xa é maioritariamente bilingüe. Estes núcleos poboacionais serán o marco do desenvolvemento cultural e literario.




2.1.2. Vontade de recuperar o galego como lingua culta

Aínda que durante a primeira metade do século XIX apenas atopamos manifestacións literarias, tanto en cantidade como en calidade, con todo é unha época na que as transformacións que se producen na política, economía e sociedade van ir incidindo no cambio das mentalidades. Vaise avanzando cara á consideración de Galicia como unha realidade específica, con problemas propios. O idioma galego, ademais de ser a lingua oral da maioría da súa poboación, comeza a verse como posible vehículo de cultura.

Co liberalismo, sectores das clases medias partidarios dos cambios pretenden difundir os seus ideais a un público amplo, de pouca cultura e monolingüe, polo que pensan que, para a súa maior comprensión, deben utilizar nos seus escritos o idioma que o pobo entende. Sen dúbida a razón de facer propaganda únese a unha revalorización do ata agora desprezado galego.

Comeza a considerarse o galego como posible instrumento de cultura, así como de achegamento ás clases populares para difundir os novos ideais.



Ao liberalismo únese a recuperación da singularidade de cada zona, o folclore e as tradicións. *Gravado da Ilustración galega e asturiana*

Aos poucos comeza a rexurdir a lingua galega en ámbitos políticos e culturais, aínda que a súa presenza na creación literaria siga sendo escasa e continuemos aínda dentro do período denominado os Séculos Escuros.

A isto únese a introdución paulatina en Galicia dos ideais románticos, que preconizan a recuperación da singularidade cultural de cada zona, a revalorización da súa cultura autóctona, do folclore, tradicións, lendas..., e que se incrementará na segunda metade do século.

Se as individualidades ilustradas, no século XVIII, xa escribiran e denunciaran a situación propia de Galicia, agora en sectores máis amplos da poboación comeza unha toma de conciencia da especificidade do galego.

O pronunciamento do militar Miguel Solís contra o goberno moderado, en 1846, tivo un importante apoio social. Á defensa do liberalismo incorpora, por vez primeira, reivindicacións específicas de Galicia. É o antecedente do galeguismo político.

A prensa, a medida que avanza o século XIX, convértese no máis destacado medio de información, opinión e cultura. Publicará artigos e obras literarias en galego.

2.2. Mostras literarias do Prerrexurdimento

2.2.1. Literatura popular

Como en séculos anteriores, a literatura popular de transmisión oral en galego continúa con forza. Creacións espontáneas xorden e únense á rica tradición existente.

La Voz de Galicia na defensa dos intereses galegos

→ Entre os principais diarios que nacen neste século temos que destacar a *La Voz de Galicia,* que sae á luz o 4 de xaneiro de 1882 na Coruña. Son tempos de grandes expectativas de cambio e importantes debates ideolóxicos.

O xornal nace como órgano de expresión da corrente máis progresista do liberalismo, pero tamén, coa vista posta na defensa dos intereses xerais de Galicia, un obxectivo ambicioso tendo en conta que o ámbito de influencia da prensa da época apenas ía máis alá da cidade en que se editaba.

Segundo se recolle na edición especial do 125 aniversario de *La Voz de Galicia,* o diario que dirixe Juan Fernández Latorre, cofundador xunto a José M. Martínez e Antonio Prieto Puga, nace para servir


La Voz de Galicia.

La Voz de Galicia saíu á luz en xaneiro de 1882



A primeira redacción de *La Voz de Galicia*. No centro, o seu fundador, Juan Fernández Latorre

exclusivamente os intereses de Galicia desde unha visión progresista da vida e a sociedade.

O xornal está composto por catro páxinas de 30 por 45 centímetros de mancha, cunha pauta de catro columnas. A Redacción e administración sitúanse inicialmente nun baixo do número 14 da coruñesa rúa de San Andrés.

Desde o primeiro número e ata hoxe en día, *La Voz de Galicia* distinguiuse por defender a liberdade para contar a verdadeira realidade das cousas e servir de canle de expresión ás voces da sociedade galega. ✱

O que comeza a cambiar é a mirada de sectores cultos cara a esta literatura popular, no camiño da súa revalorización.

2.2.2. Literatura propagandística e de circunstancias

Nas primeiras décadas do XIX aparecen textos que perseguen difundir unha idea a un público extenso, polo que, para unha maior efectividade, utilizan formas literarias en galego. É o caso dun romance anónimo, de 48 versos en galego, con intención propagandística contra a invasión francesa, datado en 1808:

O pior do conto, mociños,
é que de Francea o Verdugo,
en vez de cristianos, quere
fecernos a todos turcos.

[...]

Outro exemplo constitúeo a obra coñecida como *Proezas de Galicia*, escrita por Fernández Neira en 1810. Ten o mesmo fin propagandista, xa que é un diálogo entre dous personaxes, Chinto e Mingote, participantes na guerrilla pola independencia contra os franceses.

Proezas de Galicia, foi escrito por Fernández Neira no 1810



PROEZAS
DE GALICIA,
EXPLICADAS BAXO LA CONVERSACION RÚSTICA DE LOS DOS COMPADRES
CHINTO Y MINGOTE,
POR D. JOSÉ FERNANDEZ Y NEYRA, Oficial que ha sido de número de la Secretaría de la Junta Suprema del Serenísimo Reyno de Galicia, y actual tercero de Contaduría de la Real Fábrica de Cigarros del mismo.


CORUÑA MDCCCX.
EN LA IMPRENTA DE VILA.
Con licencia.

Chinto: ¿E como che foi por acá con esos diabros de esos Gabachos?
Mingote: Ome, nome fales deso, porque se me encrechan os pelos da cabeza solo en pensar as cousas que fixeron [...]

Ademais, consérvanse tres poemas en galego, de ideoloxía liberal. Un deles é Décima á Constitución, que se lle atribúe a Antonio Benito Fandiño.

O segundo é *Romance pola volta de Fernando VII*, publicado na prensa, en *El ciudadano por la Constitución de agosto do1813.*

E para rematar está o romance titulado *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados ós seus paisanos para abrirlles os ollos sobre certas ignorancias e o demais que verá o curioso lector*, escrito en 1813 por Manuel Pardo de Andrade, clérigo liberal que tivo que fuxir de España nos períodos absolutistas do reinado de


1

CANTOS
A LA PAZ,
DEDICADOS
A LA SEÑORA
DOÑA RAMONA PARDO
DE FIGUEROA SARMIENTO Y CAAMAÑO,
SEÑORA DE ROMELLE,
GOYANES, QUINDIMIL,
COTO DE LA RIVA, LEBORANES,
SANTIAGO DE CARREYRA,
ISLAS DE SALBORA, VIONTA, Y NORO
en el Mar Oceano, &c., &c., &c.

POR
D. Manuel Pardo de Andrade, Presbítero.

CON LICENCIA EN SANTIAGO:
En la Imprenta de D. Ignacio Aguayo,
Año de 1802.

Portada de «*Cantos a la paz*», do ano 1802, unha das súas primeiras obras de Pardo de Andrade



Pardo de Andrade tivo que fuxir de España nos períodos absolutistas do reinado Fernando VII

Fernando VII. Pardo de Andrade levou a cabo un importante labor cultural e de defensa dos ideais do liberalismo, como escritor e xornalista. Na súa obra *Os rogos...* aparece reflectida a súa ideoloxía, así como os problemas do momento, como a polémica xerada ao ser suprimida a Inquisición polas Cortes de Cádiz:

As leis inxustas e feras
que a tiranía inventou,
non as queremos, nin menos
queremos a Inquesición.

Outras creacións de literatura menor e sen demasiado interese literario aparecen nos distintos períodos políticos, coa finalidade de propagar as diferentes ideoloxías. Un exemplo constitúeo Antonio Arias Teixeiro, absolutista pontevedrés e deputado na Xunta Superior do Reino de Galicia, que foi encarcerado polo seu pensamento político. Escribe uns sonetos de circunstancias en galego, con fina ironía e humor.

No ano 1816 un acontecemento que produce composicións poéticas de circunstancias é a toma de posesión de Quevedo e Quintano como cardeal de Ourense. Varios poemas en galego na súa honra chegaron ata os nosos días.

Por outra banda, os sucesos relativos á familia real española, ou as súas visitas a Galicia, xeran sempre profusión de poemas, moitos dos cales están escritos en galego.

Xorden uns textos literarios en galego, que responden a unha finalidade propagandística das ideas ou de determinados sucesos históricos.

En canto ao teatro en galego, consérvase unha obra dos primeiros anos do século XIX. O seu autor é Antonio Benito Fandiño, que, ademais da *Décima á Constitución* da súa autoría antes apuntada, escribiu unha pequena obra dramática en galego. Titulada *A Casamenteira*, é de carácter costumista, con personaxes populares e pintorescos. Foi escrita na época en que o seu autor estivo no cárcere de Santiago, cara a 1812, a base de redondillas:

Non quererei mais ninguén,
nin darei a man a algún,
que amor, soamente un
se pode ter, para ser ben.

Debemos resaltar, de forma especial, a outro escritor en galego desta época. Trátase de Nicomedes **Pastor Díaz Corbelle** (Viveiro, 1811-Madrid, 1863).

O monumento a Nicomedes Pastor Díaz en Viveiro foi inaugurado no 1891



Pardo de Andrade, o intelectual político

→ Manuel Pardo de Andrade naceu no ano 1760 en San Martín de Dornedo, na provincia da Coruña. Procede de familia fidalga e é destinado ao claustro ingresando na orde dos agostiños antes de cumprir os quince anos. De temperáns dotes intelectuais, os seus superiores mándano a estudar Teoloxía en Salamanca nunha época de espertar intelectual da cidade, de onde marcha a Roma e a Perusa

O escritor estudou Teoloxía en Salamanca



coa finalidade de obter un grao académico para poder ensinar en Humanidades, Física e Moral en Ancona ata 1787. Alí escribirá en italiano a traxicomedia *La conversione dei Sant ' Agostino.*


Núm. 55 Pág. 217

DIARIO DE LA CORUÑA

CORTES.

Pardo de Andrade dirixe o *Diario da Coruña* cando estala a Guerra da Independencia

Tempo despois volve a España e pide a secularización coa escusa da súa mala saúde. Nesta época publica no *Diario de Madrid* moitos artigos de nesgo ilustrado e aínda liberal con diversos pseudónimos: León de Parma, Pardo de Chaz ou Vardo de Chaz. Descuberta esta vocación, xestiona en 1797 a creación dun xornal para A Coruña que habería de titularse *El Curioso Herculino*, para o que non consegue aprobación superior.

Cando estala a Guerra da Independencia, aproveita para poñerse á fronte do *Diario da Coruña*, primeiro xornal político,


auspiciado pola Xunta de Galicia, de onde marchou para dirixir o *Semanario Político, Histórico e Literario da Coruña*. Xa no ano 1811 encárgase tamén de redactar o *Boletín Patriótico*. Atribúenselle entón os folletos anónimos: Juicio imparcial *sobre la conducta del obispo «que fue» de Orense*; os *Principios Elementales que han de servir de gobierno a la comisión de las tres Juntas reunidas en Galicia, León y Asturias*; e *El pueblo gallego no hizo gestión ninguna para que el supremo Gobierno restableza el Tribunal de la Inquisición*.



Pardo de Andrade morre en París no 1832

Coa caída do réxime constitucional, logra salvarse da forca e chegar a Inglaterra e logo a París; onde se une a Rosa Hardy, que lle daría dúas fillas. Ao seu regreso en 1820, grazas a unha axuda de seis mil reais do Consulado da Coruña, publica as súas poesías. En 1820 empeza a redactar o *Correo de la Diputación de La Coruña*.

Caído o réxime constitucional, ten que emigrar e morre na cidade francesa de París no ano 1832.*



LA ABEJA.

REVISTA CIENTIFICA Y LITERARIA ILUSTRADA,

EXTRACTADA DE LOS BUENOS ESCRITORES ALEMANES.

INTRODUCCION.

Nicomedes Pástor Díaz colaborou en moitos xornais da época, entre eles, *La Abeja*

Logo de facer os seus primeiros estudos en Viveiro, cursa Filosofía no Seminario de Mondoñedo, entre 1822 e 1825. Forma parte, por tanto, da denominada Escola Poética do Seminario de Mondoñedo.

Estuda a carreira de Dereito: comézaa en Santiago e finalízaa en Alcalá de Henares. Desde entón, vive en Madrid, onde destaca como escritor e articulista, sempre en castelán. Colabora con diversos xornais como *El Siglo*, *La Abeja* o *El Artista*. Así mesmo, desempena unha brillante carreira política. Foi deputado e chegou a ser ministro en tres ocasións. Morreu en Madrid en 1863.

Durante a súa mocidade en Compostela, realiza dúas interesantes composicións poéticas en galego, de gran calidade literaria: *Égloga de Belmiro e Belindo*, e *A Alborada*. Nelas, Pastor Díaz demostra o dominio do galego, no que se expresa cotidianamente, aínda que a abundancia de castelanismos recórdanos que a súa educación e culturización son en castelán. Os poemas tamén revelan coñecemento das técnicas e recursos poéticos renacentistas e

das poesías sentimentais. Algúns estudosos cualifícano como romántico preprovincialista.

A Alborada, plena de emoción e sensibilidade, publicouse no Museo Artístico Literario, en 1928:



¡Ai, miña pequeniña!
¡Que ollos bonitos tes! ¡Que brilladores!
¡Case salta a alma miña,
e vendo os teus colores,
ver me parece todos os amores!
Agora que á alborada
os dulces paxariños xa cantaron,
e da fresa orballada,
nas perlas os ramiños se pintaron,
agora, ¡que diviños
brillarán os teus ollos cristalinos!
[...]

A *Égloga* non se coñeceu ata que, en 1951, José M.ª Álvarez Blázquez descubriuna manuscrita, e publicouna argumentando a autoría de Pastor Díaz. Neste fragmento apréciase a temática e os recursos románticos do momento:

¡Ai! ¡nunca che eu nacera! ¡Ai!, ¡sorte dura!
¡En mala hora a luz viron os meus ollos!
Dade ó meu corpo blanda sepultura,
Ondas que reventades nos escollos;
Líbrame dos embrollos,
Líbrame das desgracias de esta vida,
¡Ouh, morte apetecida!,
E xuntádeme á miña compañeira,
Augas que combatides a ribeira,
Augas queridas, pois que fostes lousa
Donde por sempre o meu amor repousa.
Eu te vin espirar desde a monteira,
¡Xulia miña querida!,
Eu morrer te mirei, e teño vida.

Os chamados precursores son intelectuais que desenvolven o seu labor en Compostela



2.3. Os precursores

Segundo definición de Carballo Calero, os precursores son os escritores en galego, durante o reinado de Isabel II e anteriores a Rosalía de Castro.



Inauguración en 1966 do Monumento a Francisco Añón, un dos precursores máis destacados, en Outes

Todos eles teñen unhas características comúns, como apunta Xosé M.ª Dobarro. Unha delas é a súa mocidade no momento en que escriben. Son intelectuais que desenvolven o seu labor sobre todo en Santiago de Compostela, en faladoiros, asociacións culturais e xornais (a prensa, que estaba xurdindo en distintas localidades, xogou un papel fundamental na difusión de ideas). Pertencen ás clases medias urbanas e toman conciencia da necesidade de cambios na economía e sociedade. Preocúpanlles os problemas singulares de Galicia e buscan os seus acenos de identidade. O seu achegamento ao pobo

é outra das razóns que os levan a escribir en galego. Son precursores do galeguismo.

Estes escritores están vinculados ao Provincialismo, movemento ideolóxico no que cobra importancia o descubrimento de Galicia como realidade diferenciada. O seu primordial obxectivo é a súa rexeneración socioeconómica. Os seus principais difusores son intelectuais de clases medias e altas, vinculados ao liberalismo progresista.

Algunhas das obras literarias dos precursores están incluídas no *Álbum de la Caridad*, publicado en 1862. O libro é consecuencia dos Xogos Florais celebrados na Coruña, en xullo de 1861. Consiste nunha reprodución dos poemas presentados ao certame, máis unha antoloxía de poemas en galego e castelán. A recompilación foi feita por Antonio María de la Iglesia.

Os precursores son conscientes da marxinación histórica de Galicia e da súa especificidade.

Entre os precursores máis destacados están Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón ou Alberto Camiño. Detémonos soamente no primeiro, pois

O provincialismo galego, precursor do nacionalismo

→ O provincialismo foi un movemento político que xurdiu en Galicia ao redor de 1840 e que constituíu un dos primeiros antecedentes do galeguismo e do nacionalismo galego. O seu fin era a recuperación de Galicia como única provincia que centralizase a unidade administrativa, social, económica e cultural que se perdera coa división provincial de 1833 e rematara formalmente co que se chamou Reino de Galicia. Literariamente

Os integrantes do movemento provincialista reuníanse en Santiago para tratar temas políticos e sociais



dou lugar ao Rexurdimento, mentres que politicamente tivo o seu momento central nos sucesos de abril de 1846.

O movemento xiraba ao redor da Sociedade Patriótica e Acción Literaria, un grupo de mozos apaixonados pola literatura, que descubrirían a través dela a súa terra galega, o atraso no que estaba sumida e o desprezo co que se lles consideraba. Reuníanse en Santiago de Compostela periodicamente para realizar conferencias sobre temas como a lexitimidade da pena de morte, o socialismo de Fourier ou a emancipación da muller e publicaban en castelán en medios creados por eles como *El Iris de Galicia, El Centinela de Galicia, El Idólatra de Galicia, El Emancipador Gallego, La Situación de Galicia* ou *La Aurora de Galicia*, títulos que definen cal era o seu punto de interese. O líder máis destacado do rexionalismo foi o xornalista Antolín Faraldo, que denominaba a súa actividade «A Grande Obra». Xunto a el, tamén enfatizaron o movemento Romero Ortiz, Neira de Mosquera ou Pío Rodríguez Terrazo. *



Manuel Pintos e familia no ano 1872

os precursores serán tratados no seguinte volume desta colección.

Xoán Manuel Pintos (1811-1876). A súa defensa do galego lévao a escribir neste idioma a maior parte das súas obras. Para Carballo Calero, Pintos é o gran precursor, do que non se debe xulgar a súa obra con criterio puramente estético, senón que hai que valorar que é de propaganda galeguista. A seguinte composición poética é reflexo do seu pensamento:


E verda que hoje non usan
o noso idioma gallego
para leis, nin escrituras,
nas oficinas, nin tempros,
nin poñen declaraciós,
nin estenden testamento,
de maneira que a mil probes
lles meten gato por coello.

O libro *A gaita galega*, de Xoán Manuel Pintos, expón os principais obxectivos que se han de ir conseguindo a partir do Rexurdimento.

O libro *A gaita galega*, publicado en 1853, persegue iniciar ao lector no coñecemento da lingua galega, á que defende con vehemencia:

«Xa hai tempo que estou eu de Gaiteiro falando só, e dicindo para min: ¿qué terá, Señor, esta fala galega para ser tan refugada aínda polos mesmos fillos de Galicia? ¿Será tan buxá de términos que non se poida por ela desfogar o entendemento con claridade? ¿Estará amaldizoada? ¿Terá algún feitizo? [...]»

Portada de «A gaita galega» de Manuel Pintos, considerada a primeira obra da literatura contemporánea



A GAITA GALLEGA

TOCADA PO LO GAITEIRO,

OU SEA

CARTA DE CRISTUS

PARA IR DEPRENDENDO

A LER, ESCRIBIR E FALAR BEN A LENGUA GALLEGA,

E AINDA MAIS.

PONTEVEDRA:
IMPRENTA DE JOSÉ Y PRIMITIVO VILAS,
calle de Isabel II, núm. 4.

1853.

Algúns estudosos consideran *A gaita galega* de Xoán Manuel Pintos como o primeiro libro da literatura galega contemporánea. Para Carme Hermida, é o libro fundacional e programático do Rexurdimento, xa que contén a maior parte dos obxectivos que outros autores seguirán para construír a literatura galega.

Co labor dos precursores, nas décadas centrais do século XIX, Galicia prepárase para iniciar unha época fecunda, que chegará ata os nosos días.

Os Mártires de Carral



Ilustración do proxecto de monumento aos mártires da revolución de abril de 1846, publicada en *La Voz de Galicia*, o 26 de abril de 1885

➜ En 1846 iníciase en Lugo un levantamento revolucionario capitaneado polo militar Miguel Solís, que se estende por gran parte de Galicia. Á beira de postulados progresistas, aparecen reivindicacións de carácter especificamente galego, xerme do provincialismo e do galeguismo.

En Santiago os revolucionarios establecen unha Xunta Superior de Galicia, con Antolín Faraldo como secretario. E reciben o apoio de intelectuais e sectores sociais varios. O levantamento fracasa, e o 26 de abril Solís e once oficiais dirixentes son fusilados e enterrados en Santo Estevo de Paleo, en Carral, á vez que se xeneraliza a represión.

No bienio progresista (1854-56), a Xunta de Goberno de Santiago proxecta facer un monumento a eses revolucionarios e trasladar

alá as cinzas desde Carral. A recuperación do Goberno de España polos moderados frustra o proxecto. En 1903, a sociedade Liga Gallega da Coruña retoma a idea que é apoiada por moitos concellos que envían representantes á súa inauguración, en maio de1904.

Coñécese co nome de Xeración de 1846 a un grupo de homes que tomaron conciencia de que Galicia era unha unidade perfectamente diferenciable doutros pobos que sufría unha marxinación histórica por parte do poder central. A través dos seus escritos manifestaron a especificidade galega e os seus principais problemas.

El aislamiento de las poblaciones, ésta es la causa de todos los males de Galicia y el obstáculo invencible á todo progreso que se intente, a toda mejora que se formule [...]. Sin medios de comunicación por la falta de caminos y canales, sin industrias, sin acción literaria [...]

ANTOLÍN FARALDO, EL RECREO COMPOSTELANO, 1842 ✱

Bibliografía dos tomos 5 a 8

Alonso Montero, X.: «Estudio Literario» en **Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las Musas a la inmortal memoria del Ilustrísimo y Excelentísimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande**, Universidade de Santiago, 1993 (ed. facs.).

Álvarez Blázquez, X.M.: **Escolma de poesía galega II. A poesía galega dos séculos XIV a XIX**, Vigo, Galaxia, 1959.

Ansede Estraviz, X., e Sánchez Iglesia, C. (dir.): **Historia da literatura galega**, Vigo, A Nosa Terra, 1996, vol. 1.

Barreiro Fernández, X.R.: **Galicia historia, A Galicia do Antigo Réxime**, A Coruña, Hércules, 1991, tomo IV.

Barreiro Fernández, X.R.: Galicia. Historia. **A sociedade galega contemporánea. Tradición e modernidade**, tomo V, A Coruña, Hércules, 1991.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: **EL LEVANTAMIENTO DE 1846 Y EL NACIMIENTO DEL GALLEGUISMO**, Santiago, Pico Sacro, 1977.

BLANCO, D.: «Manifestacións literarias e literatura popular entre os séculos XVI e XVIII», en **GALICIA. LITERATURA. OS SÉCULOS ESCUROS. O SÉCULO XIX**, A Coruña, Hércules, 2000, tomo XXXI.

CARBALLO CALERO, R.: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA**, Vigo, Galaxia, 1981.

CARBALLO CALERO, R.: **LIBROS E AUTORES GALEGOS. DOS TROVADORES A VALLE INCLÁN**, A Coruña, Fundación Barrié, 1979.

DOBARRO PAZ, X.M.: «O nacemento dunha literatura», en **GALICIA. LITERATURA. OS SÉCULOS ESCUROS. O SÉCULO XIX**, A Coruña, Hércules, 2000, tomo XXXI.

DOBARRO PAZ, X.M. e outros: **MATERIAIS LITERATURA GALEGA. SÉCULOS ESCUROS E REXURDIMENTO**, A Coruña, Vía Láctea, 1988.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: «Os Séculos Escuros: silencio nas letras e riqueza na poesía popular», en **ACTAS DEL CONGRESO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**, Santiago, Xunta de Galicia, 1992.

FREIXEIRO MATO, X.R. (ed.): **OS SÉCULOS ESCUROS E A ILUSTRACIÓN GALEGA. ANTOLOXÍA**, Vigo, ASPG-A Nosa Terra, 1996, vol. 7.

Gómez Sánchez, A. e Queixas Zas, M.: **Historia Xeral da Literatura galega**, Vigo, A Nosa Terra, 2001.

Hermida Gulías, C.: **Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento** (1840-1891], Vigo, Xerais, 1992.

Lourenzo, M., E Pillado, F.: **O teatro galego**, Sada, O Castro, 1979.

Mariño Paz, R.: **Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX**, Grial nº 105, 1990.

Monteagudo, H.: **Historia social da lingua galega**, Vigo, Galaxia, 1999.

Pensado, J.L.: **O galego no século da Ilustración**, Grial nº 102, 1989.

Pensado, J.L.: **Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo**. Santiago, Xunta de Galicia, 1995.

Pérez López, S.: **La Iglesia en la Galicia bajomedieval**, Santiago, Instituto Teológico Compostelano, 2003.

Requeixo, A.: **Escritores mindonienses**. Sociedad de Cultura Valle-Inclán, Ferrol, 1998.

Ríos Panisse, M.C.: «O Prerrexurdimento», en Galicia. **Literatura. Os Séculos Escuros. O século XIX**, A Coruña, Hércules, 2000, tomo XXXI.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: **GALICIA HISTORIA, A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME, ECONOMÍA E SOCIEDADE**, A Coruña, Hércules, 1991, tomo III.

Tarrío Varela, A.: **LITERATURA GALLEGA**, Madrid, Taurus, 1988.

Tarrío Varela, A.: **LITERATURA GALEGA. APORTACIÓNS A UNHA HISTORIA CRÍTICA**, Vigo, Xerais, 1998.

Villares, R.: **HISTORIA DE GALICIA**, Santillana, 1998.

Villares Mouteira, F.: **OS POETAS DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO**, Diputación Provincial de Lugo, 1997.

Vilavedra, D.: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA**, Vigo, Galaxia, 1999.

VV.AA. Catálogo de la exposición **OS ILUSTRADOS GALEGOS**, Deputación de A Coruña, 1996.

